

PREGUNTA DE AER SOBRE ACCESIBILIDADE DO APARCADOIRO DA XUNQUEIRA

PLENO 4 ABRIL 2013. ACTA 7/2013

Tendo en conta que o aparcamento da Xunqueira é de carácter público e que non cumpre coa lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras de Galiza nin co decreto 35/2000 polo que se aproba o regulamento de desenrolo e execución de dita lei, preguntamos:

Sr. alcalde, pensa vostede tomar algunha iniciativa para facer que os responsables de dita instalación a adecúen ás normativas vixentes e ten pensado o Concello elaborar un Plan de Adaptación e Supresión de Barreiras, como pide a lei de accesibilidade, no que se inclúa o citado aparcamento co fin de solicitar as subvencións pertinentes ao “Fondo para a Supresión de Barreiras” de acordo co artigo 61 do regulamento?.

O concelleiro Álvarez Ballesteros di que se van estudar iniciativas neste sentido. Levarase á comisión de servizos privatizados.